

Actualizar Drupal de 4.6X a 4.7X

- [Temporal](#) ^[1] |
- [Drupal 5.1](#) ^[2]

1.-Copia de seguridade da base de datos

2.-Copia de seguridade dos arquivos do espacio web

3.-Facer unha carpeta con todo o da nova versión de Drupal, incluídos modules e themes.

4.-Editamos o arquivo update.php que se atopa na carpeta Drupal. Fíxádevos que hai que cambiar deixando

```
NA LIÑA 18  
$access_check = FALSE;
```

Non actualizaremos á nova versión se non dispoñemos de tódolos módulos de actualización empregados na anterior versión.

5.-Entramos en drupal como administradores:

- Seleccionamos tema bluemarine e desmarcamos todos os demais
- En administrar-módulos imprimimos unha páxina que reflexe a situación actual dos módulos
- En admistrar-módulos desmarcamos todos os módulos non core (que non veñen de raiz no drupal) e gardamos. Recordemos que algúns módulos antes de desmarcalos hai que desactivalos na ruta administrar-opcións/modulodemarras. Especialmente desactivar o taxonomy_access.
- Pechamos sesión e saimos de Drupal

6.-Borramos no noso espacio Web todos os arquivos de Drupal, incluídos módulos e temas. Deixamos sen borrar a carpeta **files** e a carpeta **sites**. Na files están todos os documentos e no sites a configuración de conexión

7.-Subimos por FTP os arquivos da carpeta que fixemos no paso 3, é dicir: Drupal cos seus temas e módulos

8.- Agora co navegador escribimos a URL apuntando ó arquivo actualizador update.php

<http://centros.edu.xunta.es/centrodemarras/update.php> ^[3]

Premer na frase: [run the database upgrade script](#).

Logo no botón **UPDATE**

Finalmente poderemos premer en log para ver que erros dou a actualización. Como seguramente non

aparece ningún grave xa estaremos dentro da aplicación, como administradores e coa actualización feita.

9.-Agora quédanos traballar na aplicación:

Activamos módulos:

- En administrar módulos vamos seleccionando os módulos. Gardamos e teremos que lanzar o update (na mesma páxina de administrar módulos) para que actualice as bases de datos e complete a instalación dos módulos. Algúns módulos ademáis de marcalos requiren unha activación ou unha configuración que implica crear un rol. Ex: Taxonomy_access hai que activado. Tinymce hai que crear un perfil,...
- Deixamos o timymce para o final. Facemos coma cos outros módulos.

Permisos: control de acceso

- Damos permisos dos distintos módulos para os roles no control de acceso. **Permisos**)
- Tamén en control de acceso editamos os permisos de cada rol (**Category permissions**)

Gardar antes de sair: primeiro na de **Category pemiissions** e logo tamén outra vez na de **Permisos**.

10.- Seguramente non se activa o Timymce. Teremos que editalo nas opción de admministrar dito módulo. É mellor eliminar o perfil que arrastramos da actualización e crear outro novo. Logo editámolo.

Se todo o fixemos ben, o lóxico sería que xa non tivésemos ningún erro nin warning.

11.-Control de acceso: repasar todos os roles e os permisos xa que cambiou de aspecto e engadiu items o "category permisións". Débense editar tódolos roles para evitar warning's.

12.-Administar módulo image_asist para que apareza no timymce. Default insert mode: HTML code

13.-Administrar módulo image a full_html para que apareza correctamente a imaxe nos contidos que editemos.

14.-Seguramente teremos que editar primary e secondary lynks xa que seguramente non enlazan correctamente. Eso agora faise en administrar menús.

15.-Elexir o tema correspondente e editar logos

16.- Unha vez xa actualizados tódolos módulos deberemos volver a editar o arquivo update.php para deixar a liña 18 en TRUE

\$access_check = TRUE;

Téñase en conta que se queremos engadir un novo módulo teremos que volver a editar a liña do arquivo update a false e logo volver a true por motivos de seguridade.



[Feito con Drupal 6](#)



[Proxecto Webs dinámicas](#)

URL de orixe: <http://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/node/7>

Enlaces:

[1] <http://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/taxonomy/term/212>

[2] <http://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/taxonomy/term/129>

[3] <http://www.edu.xunta.gal/centrodemarras/update.php>